

27.09.2009

María Manuela e Xoán Rubia, protagonistas da noite en Sillobre

REDACCIÓN > FERROL

■ Fene vestiuse onte con traxe tradicional e con poesía galega para celebrar a vixésimo primeira edición da xuntanza de gaiteiros da banda de gaitas Airiños de Fene. A cita era en Sillobre, no local da sociedade Agarimo, e contou con destacadas figuras da cultura galega. Mini e Mero, Raparigos ou Xiana Lastra (que oficiou como presentadora da gala) subiron ó escenario para render homenaxe á música do país, á lonxevidade e

á aposta polo tradicional de Airiños de Fene e, sobre todo, ás dúas estrelas da noite: Xoán Rubia e María Manuela.

A eles, e, por extensión, a todos cantautores da xeración de Voces Ceibes, ía dedicado o recoñecemento deste ano. Por primeira vez en Airiños de Fene romperon coa tradición de homenaxear a algunha persoa ou institucións relacionada directamente coa música tradicional para abarcar toda a cultura galega. Recoñecen así a

decisiva labor dos cantantes que empregaron a lingua galega con normalidade nas súas composicións e que, ó tempo, axudaron a difundir a obra de poetas que a penas se estudaban na escola. “Xoán Rubia e María Manuela decidiron asumir, nus tempos difíciles e escuros nos que todo o que tiña que ver co galego e a nosa cultura estaba mal visto ou mesmo prohibido, a defensa do dereito a vivir en galego”, afirman desde a banda de gaitas.



A xuntanza de gaiteiros homenaxeou á cultura galega

LUIS POLO